

FESTIVAIS DE NATACIÓN MÁSTER DE FONDO «VIII MEMORIAL GERARDO STEUDEL» E DE ESTILOS

Tempada 2016 - 2017 - Circular 16-25.

1.- Organización, datas e sedes

1.1.- O Festival de Natación Máster de Estilos e o Festival de Natación Máster de Fondo "Memorial Gerardo Steudel" celebraranse durante as datas e sedes establecidas no calendario de natación máster para a presente tempada.

1.2.- As competicións desenvolveranse nunha soa sesión que dará comezo ás 09:00 horas.

1.3.- Polo menos unha hora antes do inicio da competición a piscina estará a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.

2.- Programa de probas

Festival de Fondo	Festival de Estilos
1.- 1500 Libre Mixto 2.- 800 Libre Mixto	1.- 400 Estilos Feminino 2.- 400 Estilos Masculino 3.- 200 Estilos Feminino 4.- 200 Estilos Masculino 5.- 100 Estilos Feminino 6.- 100 Estilos Masculino

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás seguintes categorías masculina e feminina:

20+.- de 20-24 Anos (nacidos anos 1997-1993)	65+.- de 65-69 anos (nacidos anos 1952-1948)
25+.- de 25-29 anos (nacidos anos 1992-1988)	70+.- de 70-74 anos (nacidos anos 1947-1943)
30+.- de 30-34 anos (nacidos anos 1987-1983)	75+.- de 75-79 anos (nacidos anos 1942-1938)
35+.- de 35-39 anos (nacidos anos 1982-1978)	80+.- de 80-84 anos (nacidos anos 1937-1933)
40+.- de 40-44 anos (nacidos anos 1977-1973)	85+.- de 85-89 anos (nacidos anos 1932-1928)
45+.- de 45-49 anos (nacidos anos 1972-1968)	90+.- de 90-94 anos (nacidos anos 1927-1923)
50+.- de 50-54 anos (nacidos anos 1967-1963)	95+.- de 95-99 anos (nacidos anos 1922-1918)
55+.- de 55-59 anos (nacidos anos 1962-1958)	100+.- de 100 anos e máis (nacidos 1917 e anteriores).
60+.- de 60-64 anos (nacidos anos 1957-1953)	

A idade entenderase cumprida a 31 de decembro de do último ano da tempada en vigor.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores (españóis e estranxeiros) maiores de 20 anos. Os nadadores galegos deberán estar en posesión da licenza federativa galega de Máster vixente.

3.3.- Os deportistas de clubs de fora da Comunidade Galega terán que aboar 25 euros por tempada, en concepto de cota de participación nas competicións da FEGAN. Os deportistas deberán ter tramitada a licenza na súa comunidade de procedencia.

3.4.- No Festival de Fondo, cada nadador so poderá participar nunha das probas: 1500 ou 800 libre mixto.

3.5.- As probas de 1500 e 800 libre mixto, segundo os inscritos nela, poderá nadarse con dous participantes por pista, cubríndose as series desde a primeira até completala e así sucesivamente, comezando polas pistas laterais até a central.

4. Inscricións

4.1.- Realizaranse a través do SDP e a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións deberán acharse en poder da FEGAN antes das 20:00 horas do mércores da semana previa á competición (11 días antes da celebración da xornada correspondente), sendo responsabilidade do clube que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Poderanse dar baixas até media hora antes do comezo da competición non admitíndose altas.

4.4.- O mércores anterior á competición estarán publicadas na web da FEGAN as listaxes de inscritos por proba. O día da competición entregarase a documentación (series e instrucións) desde unha hora antes do comezo das probas. Para retirar a documentación será necesaria a presentación da acreditación de Delegado asinada polo clube. Os clubs que teñan até 10 nadadores inscritos recibirán 1 xogo de series, instrucións e 1 de resultados; a partir de 11 nadadores recibirán 2 xogos de series, instrucións e 1 de resultados.

5. Formula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contra o reloxo.

5.2.- As series confeccionaranse segundo os tempos de inscrición, sen distinción de categoría.

5.3.- A puntuación nas probas individuais será de acordo coa táboa finlandesa: tempo en segundos x 100 / (75 + idade). A menor puntuación mellor clasificación.

6.- Premios

6.1.- Premio ao mellor clasificado absoluto masculino e á mellor clasificada absoluta feminina de cada proba de acordo coa puntuación da táboa finlandesa. Os premios entregaranse ao final da competición ou na seguinte proba do calendario.

A Coruña, 22 de xullo de 2016

Secretaría Xeral FEGAN